

RECIBIDO O SEGUINTE ANUNCIO DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA PÚBLICASE PARA O XERAL COÑECEMENTO:

Asunto: Información relativa aos padróns fiscais do IAE e do IBI, exercicio 2024

Nas datas e mediante as resolucións da Presidencia desta Deputación que de seguido se indican foron aprobados os seguintes padróns fiscais:

- Imposto sobre actividades económicas (resolución núm. 27.001, de 26 de xuño de 2024).
- Imposto sobre bens inmobles urbanos (resolucións núm. 28.564, de 05 de xullo 2024).
- Imposto sobre bens inmobles rústicos (resolución núm. 28.564, de 05 de xullo 2024).
- Imposto sobre bens inmobles de características especiais (resolución núm. 28.564, de 05 de xullo 2024).

Os ficheiros que conteñen os referidos padróns, a matrícula definitiva e a matrícula de exentos do imposto sobre actividades económicas e os padróns catastrais do imposto sobre bens inmobles, están a disposición dese concello nos seguintes enlaces:

<https://repositorio.dacoruna.gal/index.php/apps/files/files/1696122?dir=/IAE>
<https://repositorio.dacoruna.gal/index.php/apps/files/files/1696123?dir=/IBI>

Período e lugar de exposición

Os devanditos padróns fiscais **quedarán expostos ao público na Deputación Provincial**, onde poderán ser examinados polos interesados, **dende o día 2 de setembro ata o 15 de outubro de 2024**, ambos incluídos.

O anuncio de exposición pública dos padróns fiscais será publicado oportunamente por esta Deputación no Boletín Oficial da Provincia e nos diarios de maior difusión da provincia.

O resumo dos datos económicos dos padróns fiscais dese concello, desglosado por conceptos, é o seguinte:

CONCELLO/CONCEPTO	NÚM. VALORES	COTA MUNICIPAL	RECARGA PROVINCIAL	TOTAL DÉBEDA
MELIDE				
IAE	115	96.226,54	24.056,67	120.283,21
IBI - BICE	1			44.941,29
IBI - RUSTICOS	990			42.236,90
IBI - URBANOS	10.193			1.844.484,23

Melide, 30/08/2024

O alcalde,

José M. Pérez Penas